

**Addenda á Programación Didáctica do Departamento de
Matemáticas**

I.E.S. Agra de Leborís

Curso 2021- 2022

En virtude da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia, realizamos as consecuentes adaptacións da Programación Didáctica do departamento de Matemáticas que reflexamos a continuación.

Educación secundaria obrigatoria:

Este curso 2021 – 2022 desaparece a convocatoria extraordinaria de setembro. O período abranguido entre a 3ª Avaliación e a Avaliación Final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.

Nese sentido, para o alumnado que teña materia con partes sen superar logo de realizada a 3ª Avaliación, o profesor deixarálles o tempo de clase para repasar e preparar a materia, resolverá as posibles dúbidas que lles xurdan e axudará a dito alumnado na medida do posible a preparar as correspondentes probas de recuperación.

Polo carácter progresivo da asignatura de matemáticas e para completar a formación do alumnado que xa teña superada a asignatura tras a 3ª Avaliación, con este alumnado realizaranse actividades de ampliación. Os temarios son bastante extensos e o alumnado precisa deses contidos para cursos posteriores.

Alumnado con materias pendentes na ESO: os alumnos e alumnas que teñan a materia pendente de cursos anteriores só se verán afectados pola ausencia da proba extraordinaria de setembro, non sendo alteradas as datas dos correspondentes exames parciais e do exame final xa fixadas a principios de curso.

Para facilitar a superación da materia pendente a estes alumnos, faráselles a media dos exames parciais realizados independentemente da nota obtida, se a media desas dúas probas é inferior a cinco, o alumno realizara a proba final coa parte suspensa ou con toda a materia, segundo el mesmo elixa, na data xa marcada.

Os procedementos de avaliación na ESO xa están descritos na Programación Didáctica e non son modificados.

Os criterios de avaliación quedarán do seguinte xeito:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA ESO.

A nota que reciba o alumno na disciplina será un reflexo do grado de superación que demostre dos estándares de aprendizaxe e das competencias básicas.

<p>Probas escritas ou traballos referentes aos estándares dos contidos tratados. (intentar facer polo menos 2 por avaliación)</p> <p>Competencias: CMCCT, CCL</p>	80% da cualificación
<p>Caderno de clase, traballo diario, traballos individuais e de grupo, participación...</p> <p>Actitude, comportamento, ausencia de partes, traer o material, colaboración cos compañeiros, tolerancia...</p> <p>Competencias: CAA, CCL, CSIEE, CCEC, CSC</p>	20% da cualificación

Nota final (para cada unha das tres avaliacións parciais) = 0'8 Probas + 0'20 Control tarefas, actitude ...

▪ **Recuperacións:**

- Para a recuperación da 1ª e 2ª avaliación, farase un exame posterior a cada sesión de avaliación. A 3ª avaliación recuperarase, de ser o caso, no exame final que realizarán os

alumnos que tañan algunha parte da materia suspensa. Ditas recuperacións realizaranse con probas de mínimos, polo que a nota máxima acadada será dun cinco nesa parte.

- O alumnado que teña una avaliación suspensa poderá presentarse só con esa avaliación ou con toda a materia, segundo decida. O alumnado con **dúas ou tres avaliacións suspensas, fará o exame final de toda a materia** (antes da Avaliación Final).

A **calificación final** obtense ao facer media aritmética das tres avaliacións tendo en conta as correspondentes recuperacións, de ser o caso. Para poder facer a media aritmética con algunha avaliación suspensa, a nota mínima de cada avaliación ten que ser un catro ou superior. Nesa nota final teranse en conta os resultados das recuperacións para o alumnado con algunha parte da materia suspensa e o realizado no período abranguido entre a 3ª Avaliación e a Avaliación Final para o alumnado coa materia aprobada nas tres primeiras avaliacións.

Bacharelato:

Este curso 2021 – 2022, en **1º Bacharelato**, adiántase a convocatoria extraordinaria ao mes de xuño. O período abranguido entre a avaliación final ordinaria e a avaliación final extraordinaria dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.

Nese sentido, para o alumnado que teña materia con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o profesor deixaralles o tempo de clase para repasar e preparar a materia, resolverá as posibles dúbidas que lles xurdan e axudará a dito alumnado na medida do posible a preparar as correspondentes probas de recuperación.

Polo carácter progresivo da asignatura de matemáticas e para completar a formación do alumnado que xa teña superada a asignatura tras a 3ª avaliación, con este alumnado realizaranse

actividades de ampliación, os temarios son moi extensos e o alumnado precisa deses contidos para cursos posteriores.

Os procedementos de avaliación en 1º Bacharelato xa están descritos na Programación Didáctica e non son modificados.

Os criterios de avaliación en 1º Bacharelato para a primeira e segunda avaliación serán os mesmos que están plasmados na Programación Didáctica. A terceira avaliación pasa a ser agora 3ª Avaliación Final Ordinaria, polo que se aplicarán os criterios da Avaliación Ordinaria que están na Programación.

A avaliación Final Extraordinaria adiántase a xuño, os criterios de avaliación son os que aparecen na Programación para a Avaliación Extraordinaria.

En **2º Bacharelato** non se producen modificacións, polo que non hai que facer ningunha adaptación da Programación.

Asinado:

Dna. Mª José Bargados Varela

Dna. Eva Castro Outeiriño
(Xefa de Departamento)

D. José Antonio García Porta

Dna. Olaya Fernández Rodríguez

D. Roberto Rodríguez Calviño

D. Abel Vázquez Ramos